

ACTA DE ENTREGA A PROL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS DA ESTRADA LU-662 E DUNS TREITOS DAS ESTRADAS LU-546 E LU-933, DA REDE AUTONÓMICA DE ESTRADAS DE GALICIA, XUNTO COS SEUS DOMINIOS PÚBLICOS VIARIOS

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, José Tomé Roca, na súa condición de alcalde do Concello de Monforte de Lemos, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O día 23 de outubro de 2025, o Concello de Monforte de Lemos e a Axencia Galega de Infraestruturas asinaron un acordo para o cambio de titularidade dos seguintes treitos de estradas autonómicas a favor do Concello de Monforte de Lemos: LU-546 p.q. 55+115 a 55+560 (rúa Doutor Casares), LU-662 p.q. 0+000 a 1+200 (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo) e LU-933 p.q. 0+000 a 1+090 (rúa de Chantada e avenida de Galicia).

Estes treitos teñen categoría funcional de rede local e non forman parte de ningún itinerario entre núcleos ou centros de actividade relevantes, cuxa continuidade se puidera ver interrompida ao transferir a súa titularidade ao concello. Discorren na súa totalidade polo núcleo urbano do Concello de Monforte de Lemos polo que cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia, relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 8/2026, do 9 de febreiro, (DOG núm. 34 do 20 de febreiro de 2026), a Xunta de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos da



totalidade da estrada autonómica LU-662 p.q. 0+000 a 1+200 (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo) e dos treitos autonómicos das estradas LU-546 p.q. 55+115 a 55+560 (rúa Doutor Casares) e LU-933 p.q. 0+000 a 1+090 (rúa Chantada e avenida de Galicia).

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 8/2026, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia. mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación do cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos da seguinte estrada e treitos de estradas autonómicas, xunto cos seus dominios públicos viarios:

Nº	Transferencia	Inicio	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29N)	Final	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso29N)	Lonx. (m)	Superf. DPV (m²)
1	Treito final da LU-546 (rúa Doutor Casares)	p.q. 55+110 da LU-546 (int. rúa Ponte da Virxe)	x = 622.623 y = 4.709.762	p.q. 55+560 da LU-546 (int. rúa María Emilia Casas Baamonde)	x = 622.434 y = 4.709.375	436	6.426
2	Estrada LU-662 na súa totalidade (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo)	p.q. 0+000 da LU-662 (int. rúa Doutor Casares)	x = 622.567 y = 4.709.563	p.q. 1+200 da LU-662 (int. rúa Roberto Baamonde)	x = 622.720 y = 4.708.831	1.209	12.760
3	Treito inicial da LU-933 (rúa Chantada e av. de Galicia)	p.q. 0+000 da LU-933 (int. rúa María Emilia Casas Baamonde)	x = 621.110 y = 4.709.162	p.q. 1+090 da LU-933 (int. rúa Cardeal Rodrigo de Castro)	x = 622.007 y = 4.708.643	1.042	11.465

E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017
(DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez*

O alcalde do Concello de Monforte de Lemos, *José Tomé Roca*

ANEXO I . PLANOS




620.000

622.000

624.000

Nº	Transferencia (Estrada/Treito/Outros)	Lonx.(m)
1	Treito final LU-546: Pks 55+110 ao 55+560 (rúa Doutor Casares)	436
2	Estrada LU-662 na súa totalidade (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo)	1.209
3	Treito inicial LU-933: Pks 0+000 ao 1+090 (rúa Chantada e avenida de Galicia)	1.042



4.712.000

4.712.000

4.710.000

4.710.000

4.708.000

4.708.000

4.706.000

4.706.000

Transferencia a prol do Concello de Moforte de Lemos do treito final da LU-546, da totalidade da LU-662 e do treito inicial da LU-933, xunto co seu DPV.

- Eixe viario obxecto da transferencia ao Concello
- Eixe viario transferido anteriormente a Concello
- Eixe viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico
- Eixo viario estatal
- Límite municipal do Concello de Moforte de Lemos


1:30.000


620.000


622.000

624.000









Nº	Superficie DPV a transferir	Área (m2)
1	Treito final LU-546: Pks 55+110 ao 55+560 (rúa Doutor Casares)	6.426
2	Estrada LU-662 na súa totalidade (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo)	12.760

Nº	Transferencia (Estrada/Treito/Outros)	Lonx.(m)
1	Treito final LU-546: Pks 55+110 ao 55+560 (rúa Doutor Casares)	436
2	Estrada LU-662 na súa totalidade (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo)	1.209

Inicio/Final da transferencia ou Pk ref.	UTM X	UTM Y
Inicio Pk 55+110 LU-546	622.623	4.709.762
Final Pk 55+560 LU-546	622.434	4.709.375
Inicio Pk 0+000 LU-662	622.567	4.709.563
Final Pk 1+200 LU-662	622.720	4.708.831


Transferencia a prol do Concello de Moforte de Lemos do treito final da LU-546, da totalidade da LU-662 e do treito inicial da LU-933, xunto co seu DPV.

- Puntos quilométricos da transferencia ou de referencia
- Eixe viario obxecto da transferencia ao Concello
- Superficie orientativa do DPV obxecto da transferencia ao Concello
- Eixe viario autonómico
- × Fito quilométrico autonómico


1:1.500

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: ZG08knRDM60 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: ZG03kRrXMM60 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
Código: ZG038nRrXm60 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

